


<https://info.nodo50.org/Aromas-de-Manu-Chao-en-Ponferrada.html>



# Aromas de Manu Chao en Ponferrada

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: Jueves 19 de junio de 2014

---

Copyright © Nodo50. Contrainformación en la Red - Todos derechos reservados

---

\* Traducido al español.

**Argelino, Clandestino/ Nigeriano, Clandestino/ Boliviano, Clandestino .... a música e a letra desta fresca cantiga de denuncia de Manu Chao veume enteira á cabeza despois de ler hai un momento nas edicións dixitais dos xornais a detención de María Osorio en Ponferrada.**

Lembrarán vostedes:

*Solo voy con mi pena/Sola va mi condena/Correr es mi destino/Para burlar la ley*

A lei que condena á clandestinidade a inmigrantes condenou a María Osorio a anos e anos de prisión, despois dunha farsa de [xuízo](#) no que a Audiencia Nacional decidiu que esta moza era unha terrorista.

*Mano Negra, Illegal*

María estaba en liberdade provisoria sen fianza, e dixo hai uns días en acto público, a través dunha videoconferencia, que ela non pensaba petar na porta de [ningunha prisión](#).

*Mi vida va prohibida/Dice la autoridad*

Hoxe, 15 de xuño, ou na noite de onte, non o sei certo, detivérona en Ponferrada. É ben curioso que El Correo Gallego [poña en titulares](#) que o feito aconteceu en León. Supoño que na rúa do Preguntoiro de Compostela non teñen a obriga de saber que a Ponferrada do Bierzo fica a 45 minutos en coche do domicilio familiar de María Osorio en Becerreá, ou sexa case un cuarto de hora máis cerca que Compostela de Ferrol, a cidade onde foi fundado no ano 1878 este El Correo Gallego que hoxe se vende, polo mesmo prezo, abrazado a El Mundo de Madrid, por obra e graza de subvencións autonómicas.

Non mirei só El Correo Gallego. Mirei outra prensa na internet, pois quería saber algo máis desta nova da detención, xa que o disco raiado que fala dun grupo que aterroriza Galiza (non é iso o que fan os grupos terroristas, causar terror?), que insiste na condena da Audiencia Nacional recollida nunha sentenza que atenta mesmo contra o sentido común, esa visión que narra sempre do mesmo xeito os feitos, que [desde o ano 2011](#) se repite até o engulo na xa coñecida como prensa do réxime, pois quería saber algo máis, porque desa visión unívoca debo confesar que estou absolutamente aborrecido. Farto.

A ver. Se deteñen por exemplo unha presunta parricida, ou un presunto corrupto político repartidor a oito de sobres con cartos entre os colegas do seu partido, pois os xornais din onde o pillaron, con quen ía naquel momento, que forzas de seguridade actuaban, quen pasaba por alí ...

Con quen iría logo María Osorio cando a detiveron a 45 minutos en coche do seu domicilio familiar? E logo non se poderá saber se estaba soa ou quen a acompañaba?

*Fantasma en la ciudad/Mi vida va prohibida/Dice la autoridad*

Contáronme que no momento da súa detención a moza andaba pola rúa adiante acompañada dos seus pais. Supoño que este detalle non será de interese para a prensa do réxime, pois a súa única preocupación parece que é a de mal vestir de xornalismo as versións oficiais. Home, non, quen manda, manda (e subvenciona).

*Mano negra, clandestina*

*Mano negra, ilegal*

Xosé Luís Santos Cabanas, 15 de xuño de 2014

\* *Argelino, Clandestino/ Nigeriano, Clandestino/ Boliviano, Clandestino* .... la música y la letra de esta fresca cantiga de denuncia de Manu Chao me vino entera a la cabeza después de leer hace un momento en las ediciones digitales de los periódicos la detención de Maria Osorio en Ponferrada. Recordarán ustedes:

*Suelo voy con mi pena/Suela vana mi condena/Correr eres mi destino/Para burlar lana ley*

La ley que condena a la clandestinidad a inmigrantes condenó la María Osorio a años y años de prisión, después de una farsa de juicio en el que la Audiencia Nacional decidió que esta chica era una terrorista.

*Mano Negra, Ilegal*

María estaba en libertad provisional sin fianza, y dijo hace unos días en acto público, a través de una videoconferencia, que ella no pensaba llamar a la puerta de ninguna prisión.

*Mi vida vana prohibida/Dice lana autoridad*

Hoy, 15 de junio, o en la noche de ayer, no lo sé cierto, la detuvieron en Ponferrada. Es curioso que *Él Correo Gallego* ponga en titular que el hecho ocurrió en León. Supongo que en la calle del Preguntoiro de Compostela no tienen el deber de saber que la Ponferrada del Bierzo queda a 45 minutos en coche del domicilio familiar de María Osorio en Becerreá, o sea casi un cuarto de hora más cerca que Compostela de Ferrol, la ciudad donde fue fundado en el año 1878 este *Él Correo Gallego* que ahora se vende, por el mismo precio, abrazado a *Él Mundo de Madrid*, por obra y gracia de subvenciones autonómicas.

No miré sólo *Él Correo Gallego*. Miré otra prensa en la internet, pues quería saber algo más de esta noticia de la detención, ya que el disco rayado que habla de un grupo que aterroriza Galicia (no es eso lo que hacen los grupos terroristas, causar terror?), que insiste en la condena de la Audiencia Nacional recogida en una sentencia que atenta incluso contra lo sentido común, esa visión que narra siempre del mismo modo los hechos, que desde el año 2011 se repite hasta el aborrecimiento en la ya conocida como prensa del régimen, pues quería saber algo más, porque de esa visión unívoca debo confesar que estoy absolutamente saturado. Harto.

A ver. Si detienen por ejemplo una presunta parricida, o un presunto corrupto político repartidor a mansalva de sobres con dinero entre los colegas de su partido, los periódicos dicen donde lo pillaron, con quien iba en aquel momento, que fuerzas de seguridad actuaban, quien pasaba por allí ...

¿Con quien iría entonces María Osorio cuando la detuvieron a 45 minutos en coche de su domicilio familiar?. ¿No se podrá saber si estaba sola o quien la acompañaba?

*Fantasma en lana ciudad/Mi vida vana prohibida/Dice lana autoridad*

Me contaron que en el momento de su detención la joven andaba por la calle acompañada de sus padres. Supongo que este detalle no será de interés para la prensa del régimen, pues su única preocupación parece que es la de mal vestir de periodismo las versiones oficiales. Hombre, no, quien manda, manda (y subvenciona).

*Mano negra, clandestina*

*Mano negra, ilegal*

Xosé Luis Santos Cabanas, 15 de junio de 2014